

ORDENANZA FISCAL Núm 13

TAXAS POR OCUPACIÓN DA VÍA PÚBLICA CON MERCADORÍAS, VALOS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIÓNS ANÁLOGAS.

Artigo 1.- CONCEPTO, FUNDAMENTO E NATUREZA.

De conformidade co que se prevé nos **artigos 15 ao 20 da Lei 39/1988, do 28 de decembro**, reguladora das **facendas locais**, e en uso das facultades conferidas polos **artigos 133.2 e 142 da Constitución**, e o **art. 106 da Lei 7/85** reguladora das **bases do réxime local**, este concello establece a taxa por utilización privativas ou aproveitamentos especiais pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, entullos, valos, puntais, carreiras, andamios e outras instalacións análogas, así como cortes de rúas, incluíndo, de ser necesario, o requerimento dos servizos de Protección Civil, especificando nas tarifas que se conteñen no **artigo 6º e seguinte**, que se rexerá pola presente ordenanza.

Artigo 2.- FEITO IMPOÑIBLE.

- 1- Constitúe o feito impoñible da taxa a utilización privativa o aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no artigo primeiro ou outros análogos.

Artigo 3.- SUXEITOS PASIVOS.

1. Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o **artigo 33 da Lei xeral tributaria**, que gocen ou aproveiten especialmente o dominio público municipal en beneficio particular, nalgún dos supostos que se establecen no **artigo 1º**, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se efectuou sen a preceptiva autorización.

Artigo 4.- RESPONSABLES.

- 1- Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os **artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria**.

- 2- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o **artigo 40 da Lei xeral tributaria**.

Artigo 5.- CATEGORÍA DAS RÚAS.

1. Para os efectos previstos na aplicación da tarifa do **apartado 1 do artigo 6 seguinte**, as vías públicas deste municipio clasifícanse en cinco categorías.
2. Ás vías públicas que non aparezan sinaladas na lista do **punto 4 deste artigo**, aplicaráselles a taxa correspondente á da 5ª categoría.
3. Cando o espazo afectado polo aproveitamento estea situado na confluencia de dúas a máis vías públicas clasificadas en distintas categorías, aplicarase a tarifa que corresponda ás vías de categoría superior.
4. Lista de vías públicas.

1ª CATEGORÍA

Rúa da Pravia.
Rúa de Galicia.
Rúa Campo de Puente (ata BEGASA).
Rúa Plácido Peña (ata rúa Cidade de Viveiro).
Rúa Basanta Silva.
Praza Constitución.
Rúa Xosé Mª Chao Ledo.
Avda. Terra Cha (ata rúa de Mondoñedo).
Praza Suso Gayoso.
Rúa Pepes.
Rúa do Muíño.
Rúa Porta Décima.
Rúa Conde Pallares (ata rúa de Betanzos).

2ª CATEGORÍA

Rúa Cidade de Lugo (ata rúa da Feira).
Rúa Plácido Peña (dende rúa Cidade de Viveiro ata rúa do Hospital).
Rúa Conde Pallares (dende rúa de Betanzos ata grupo as Fontiñas).
Rúa Novo Cazón.
Rúa Óscar Nevado Bouza.
Rúa Ribadeo
Rúa Luís González Valdesuso.

Rúa Alcalde Fraga Bello.
Rúa Carmiña Prieto Rouco.
Rúa Valeriano Valdesuso.
Rúa Cuart de Poblet.
Rúa Pintor López Guntín.
Rúa do Estudiante.
Rúa do Cotarón.
Rúa As Pontes de García Rodríguez.

3ª CATEGORÍA

Praza Santa María.
Praza Coronel Pena.
Rúa Doutor Domingo Goás.
Rúa Campo de Puente (dende BEGASA ata a estación de servizo).
Rúa Cidade de Lugo (dende rúa da Feira ata o final).
Rúa Roxeira.
Rúa Concepción Arenal.
Rúa Ferrería.
Rúa Sol.
Rúa Cidade de Betanzos.
Rúa Nova (ata rúa Xermade).
Rúa San Roque.
Travesía Pita da Veiga.
Rúa Lameirón.
Travesía San Roque.
Rúa das Pedreiras.
Rúa Guitiriz.
Rúa Calvario.
Rúa da Feira.
Rúa Xermade.
Rúa Cidade de Viveiro(ata rúa Castelao).

4ª CATEGORÍA

Rúa Alférez López García.
Rúa do Rego.
Rúa García Hermida.
Rúa Cidade de Viveiro (dende rúa Castelao ata final).
Rúa Monseñor Rouco Varela.
Rúa Foz.
Rúa Rolo.
Travesía Castros.
Praza San Xoán.
Rúa Manuel Mato Vizoso.
Rúa Nova (dende rúa Xermade ata rúa de Galicia).
Grupo A Paz.
Rúa Pepe Apenela.
Rúa Benxamín Paz.
Rúa Mestras Amelia e Sagrario.
Rúa de Muras.

Rúa Lois Peña Novo.

5ª CATEGORÍA

Rúa Campo de Puente (dende a estación de Servizo ata o final).

Rúa Plácido Peña (dende rúa do Hospital ata o final).

Rúa do Hospital.

Avenida Terra Chá (dende rúa de Mondoñedo ata o final).

Grupo as Fontiñas.

Rúa do Desexo.

Rúa Xosé Luís García Mato.

Travesía Cuartel da Garda Civil.

Travesía Sol.

Travesía Castros.

Travesía San Xoán.

Rúa Penelas.

Praza de San Roque.

Travesía Matadoiro.

Rúa Pasos.

Rúa Pepe Guntín.

Rúa Begonte.

Rúa do Olivo.

Rúa de Mondoñedo.

Rúa da Revolta.

Rúa Abadín.

Rúa de Cospeito.

Rúa Castelao.

Rúa Cruz.

Travesía Xosé Luís García Mato.

Rúa Pedra.

Artigo 6.- COTA TRIBUTARIA.

A contía das taxas reguladas nesta ordenanza serán as fixadas, por metro cadrado e días naturais, e segundo a categoría da rúa onde se leve a cabo a ocupación, de cuxa clasificación se establece no art. 5 anterior, nas tarifas que se recollen no seguinte cadro:

OCUPACIÓN/ m²	1 día	2 días	1 semana	2 semanas	1 mes
1ª categoría	1,00 €	2,00 €	6 €	7 €	8 €
2ª categoría	0,85 €	1,70 €	5 €	6 €	7 €
3ª categoría	0,70 €	1,40 €	4 €	5 €	6 €
4ª categoría	0,50 €	1,00 €	3 €	4 €	5 €
5ª categoría	0,35 €	0,70 €	2 €	3 €	4 €

Artigo 7.- NORMAS DE XESTIÓN.

1.- De conformidade co que se prevé no **artigo 46 da Lei 39/1988, do 28 de decembro**, cando nunha ocasión dos aproveitamentos regulados nesta ordenanza se producisen danos no pavimento ou instalacións da vía pública, os titulares das licenzas ou os obrigados ao pago virán suxeitos ao reintegro total dos gastos de reconstrución e reparación de tales danos ou a reparar dos danos causados, que serán en todo caso, independentes dos dereitos liquidados polos aproveitamentos realizados.

2.- As cantidades esixibles, segundo o que se dispón, as tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irredutibles polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes. **A prol de establecer o baremo máis axeitado a certas operacións na vía pública, empregaranse dous novos tramos de cota tributaria, de 1 día e de 2 días. Estes tramos darán resposta unicamente a accións que requiran ise tempo concreto. Así, serán propias destes tramos, entre outras, operacións de mudanzas, descarga de bens ou materiais, reparacións puntuais en edificios como substitución de canlóns, baixantes, etc.**

3.- No caso de xerar a acción para a que se solicita a ocupación, un custe adicional froito da necesaria intervención do servizo municipal de Protección Civil derivada das obras solicitadas no predio, ou ben por requisitos de seguranza, como cortes de vía, sinalización, disponibilidades de material e persoal, etc; aplicarase aos efectos da súa avcaliación económica a Ordenanza fiscal nº 17 "Ordenanza reguladora da taxa polo servizo de protección civil, incendios e salvamento". No caso de ser necesaria a colocación de vallas de propiedade municipal, estas serán dispostas con carácter de urxencia por un prazo máximo de 1 semán ou ben cando a ocupación da vía se faga efectiva, unha vez autorizada polo servizos técnicos municipais, debendo ser devoltas por parte do solicitante ao servizo de Protección Civil do Concello de Vilalba. Transcorrido iste prazo, e de seguir sendo necesarias, serán repostas por conta do interesado.

4.- As persoas interesadas na concesión de aproveitamento regulados nesta ordenanza deberán solicitar previamente a correspondente licenza, que devengar a corresponde liquidación, a cal deberá facerse efectiva previa á ocupación. **Estímase como prazo para a solicitude, mínimo 2 días antes da ocupación para o caso de fraccións de 1 e 2 días; e de 1 semán para o resto dos caso. No caso de que a ocupación solicitada requira un corte de vía, realizarase cunha semana de antelación.**

5.- Se non se determinou con exactitude a duración do aproveitamento, unha vez autorizada a ocupación entenderase

prorrogado, segundo as condicións da presente ordenanza, mentres non se presente a declaración de baixa.

6.- Cando se trate de ocupacións con temporalidade anual, aboaranse estas no primeiro trimestre do ano.

7.- As ocupacións que non se solicitasen, e fosen dadas de alta as súas liquidacións, mediante procedementos de inspección, deberán aboarse directamente ao encargado municipal, e repercutiranse na liquidación que se practique un incremento do 200% da cota tributaria do primeiro período impositivo imputable.

8.- Poderase solicitar a modificación do período de ocupación concedido, sempre que non se fixese uso dela e con anterioridade á concedida.

9.- A falta de pago dará lugar á retirada da ocupación da vía pública.

10.- No caso de haber solicitado a ocupación para fraccións de 1 día ou 2 días, e requirir máis tempo, se tarificará 1 semán completa, sin desconta-lo importe abonado correspondente aos días anteriormente solicitados.

11.- No caso de causas de forza maior debidamente xustificadas poderase trasladar no tempo o prazo e condicións autorizadas.

12.- No caso de corte de vía, a súa solicitude será realizada por fraccións de 1 día, cun máximo de 3 días consecutivos. No caso de ser necesario un prazo de tempo maior, este deberase xustificar debidamente ante os servizos técnicos municipais, quenes resolverán a solicitude. A cuota tarifarase segundo o cadro do artigo 6, incrementado cun coeficiente de ponderación de 1,5.

13.- O feito da ocupación de vía non menoscabará as condicións de seguridade e evacuación dos edificios afectados.

14.- A solicitude deberá ir acompañada da seguinte documentación:

- 1. Licenza de obra, actividade, etc do inmovible vinculado á solicitude de ocupación.**
- 2. Plano de situación que poderá ser facilitado no concello.**
- 3. Recibo ou póliza de responsabilidade Civil da empresa instaladora.**
- 4. Croquis acotado da rúa e do espazo requerido, tendo en conta as medidas de seguridade propias da actividade e maquinaria que se empregará.**

5. Documentación técnica, de ser necesaria, gráfica e documental axustándose ao RD 2177/04 do 12 de novembro, RD 1215/97 do 18 de xullo, RD. 486/97, do 14 de abril, e RD1627/97do 24 de outubro, Orde do 28 de agosto de 1997

6. *Fotografías do espazo a ocupar, na que aporten unha visión detallada do espazo e ampla da contorna.*

A declaración de baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do período natural do tempo seguinte ao sinalado no epígrafe da tarifa que corresponda. Sexa cal sexa a causa que se alegue en contra, a non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

Artigo 8.- REMUNERACIÓN.

1. A obriga de pago da taxa regulada nesta ordenanza, nace:
 - a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos na vía pública, no momento de solicitar a correspondente licenza.
 - b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de cada mes natural.
2. O pago da taxa realizarase:
 - a) Tratándose de autorizacións de novos aproveitamentos con duración limitada, por ingreso directo na tesourería municipal ou onde o establecece o concello, pero sempre antes de retirar a licenza ou documento que corresponda.
 - b) Tratándose de autorizacións xa concedidas e sen duración limitada, unha vez incluídas nos correspondentes padróns ou matrículas desta taxa pública, por ano natural.
 - c) Tratándose de altas por inspección, no momento desta.

Artigo 9.- BENEFICIOS FISCAIS.

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

DISPOSICIÓN DERRADEIRA.

A modificación da presente ordenanza, que se aprobou polo Pleno na súa **sesión de data 28/01/2016**, será de aplicación dende o día seguinte á publicación do seu texto íntegro no BOP **(6/04/2016)** e

permanecerá en vigor ata ata a súa modificación ou derogación expresas.